



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



### IMPORTANCIA DA FIGURA E A OBRA DE FILGUEIRA VALVERDE NA VIDA CULTURAL GALEGA NOS DOUS SEGUNDOS TERZOS DO SÉCULO XX?

Filgueira Valverde, non pode ser entendido como un ente indisociable. A súa figura, se por ela entendemos o seu percorrido biográfico, vese fortemente suxeita ás consecuencias que se derivan de posicionamentos persoais e políticos, que van desde o apoio á escisión da Dereita Galeguista á súa vinculación con postos de responsabilidade dentro do franquismo, sen dúbida os máis polémicos; mais tamén sería inxusto esquecer outras iniciativas como foron a participación, no seu día, na fundación do Seminario de Estudos Galegos, na creación do Museo Provincial de Pontevedra a finais dos anos vinte ou naquelas outras propostas máis estritamente culturais nas que que é irrefragable afirmar que desempeñou un papel importante, nomeadamente no labor de investigación e promoción da literatura galega medieval ou noutras achegas que definen o seu como un perfil de sólido polígrafo humanista.

### ACHEGAS MÁIS IMPORTANTES ÁS LETRAS GALEGAS E AOS ESTUDOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS EN GALICIA

Deixou mostras da súa preocupación no ámbito arqueolóxico ou na recuperación do noso patrimonio musical, entre outras, pero o que máis atrae, no ámbito creativo, é o herdo que deixou na narrativa, na literatura infanto-xuvenil, no teatro ou na poesía, talvez incursións moi episódicas, e hoxe moi descoñecidas, pero que espellan esa imperativa necesidade de “facer de todo”, moi en conexión co espírito *Nós*.

O que particularmente salientaríamos, dos seus traballos literarios, interpretativos e vinculados coa nosa literatura apunta ao que se atesoura nos volumes editados en Edicións do Castro baixo o epígrafe de *Adral*, que compila un número oceánico de colaboracións dispersas ao longo de moitos anos en diferentes lugares. Ao tempo, o seu estudo *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1936); os traballos medievalísticos do autor como os que se recollen en *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos (1925-1987)* (1992) ou mesmo a recuperación da antoloxía poética galega consultada que preparou nos tempos da República e que Xesús Alonso Montero e Ana Acuña prepararon e editaron baixo o título d’*Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada* (2008) resultan, para min, do máis estimable, formativo e suxestivo da súa obra.



## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

O último gran polígrafo de Galicia. Día das Letras Galegas 2015



### VIXENCIA DA SÚA OBRA HOXE EN DÍA

A súa achega intelectual no eido da esculca nos ámbitos da investigación e interpretación do feito literario, segue moi viva e se pode admirar nela a súa capacidade de esencializar e sintetizar coñecemento e sabedoría, alén de suxerir camiños que, aínda hoxe, se poden seguir. Se cadra noutros ámbitos que ocuparon a súa atención o seu labor sexa relevante, os seus traballos, cando menos, gozan dunha proxección e valoración moi limitada no tecido social e cultural galego máis activo hoxe en día pois a deriva do seu perfil biográfico escureceu e minimizou tanto a recepción como a valoración do seu traballo intelectual.

### QUE INFLUENCIA TEN A SÚA OBRA NOS ESTUDOS E NOS PENSADORES E ENSAÍSTAS GALEGOS CONTEMPORÁNEOS

Nun sentido xeral: a súa formación intelectual e ensaística enraízase no acceso desde novo a diferentes ámbitos do coñecemento, isto é, cumpre a definición exacta de polígrafo, aberto a moi diversas ramas do saber, ao que se uniu unha evidente vontade de ir sempre máis alá e de divulgar. Xunto con Otero Pedrayo talvez sexa o derradeiro polígrafo da cultura galega do século XX. Por outro lado, en campos específicos, é evidente que os camiños que trazou, como arriba se sinalou, resultaron moi operativos para posteriores achegas.

Ramón Nicolás